Recuperando a memoria perdida

(26/06/2006) A Concellaría de Cultura colabora nun completo programa de actividades, organizado pola Asociación pola Memoria Histórica, a Fundación 10 de marzo, a Nasa e Burla Negra, orientado a recuperar a memoria da represión padecida durante a Guerra Civil e a ditadura. Porque cómpre non esquecer o pasado para afrontar o futuro...

"Moita xente opina que non se deben "abrir feridas", pero máis que abrilas trátase de pechalas: non podemos negar o pasado, e para poder pechar o tema teriamos que abrilo primeiro. So poderemos enterrar o pasado cando teñamos falado del. Porque estudamos a colonización americana ou a chegada do ferrocarril e non sabemos o que aconteceu na guerra? A democracia ten a obriga de recuperar esa parte do pasado "incómodo".
Lourenzo Fernández Prieto

A Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica, a Fundación 10 de marzo (Sindicato Nacional de C.C.O.O. de Galicia),a Sala Nasa e o Colectivo Burla Negra organizan o programa Recuperando Memorias, que comezou o pasado sábado cunha festa da poesía e da música, na que o verdadeiro protagonismo tivérono aqueles que foron represaliados: Avelino Pousa Antelo, a quen puidemos ver recentemente na presentación do filme *Aillados*, foi un dos asistentes. Puidemos tamén escoitar a música de Lorena Lores, coa voz ben fresca malia estar a noite anterior ofrecendo o espectáculo *Dúas Beiras* no Auditorio, Marful, logo de pecharen Sons, a Narf, A Quenlla, e Germán Díaz. Escoitamos falar a Manuel Rivas, Xosé Luís Bernal "Farruco", Luís Tosar, Rosa Aneiros, Quico Cadaval e os actores e actrices de Chévere.

Máis imaxes contra o esquecemento
Volvemos gozar da proxección de varios filmes cedidos de balde polos seus autores, documentais que testemuñan unha situación histórica e que podemos atopar enmarcados no proxecto Imaxes contra o esquecemento: xa puideramos ver un adianto no mes de xaneiro, no ciclo organizado por Amnistía Internacional. Así, poderemos escoitar a voz daqueles que loitaron pola defensa dos ideais republicanos en *España, última esperanza*, nos campos de concentración en *O comboio dos 927*, sobre os maquis en España (*A guerriña da memoria*) e no primeiro filme sobre o "maquis" en Galiza, que será pasado pola TVG en xullo: dirixido por dúas das tres membros que integran a produtora Némedon, Helena Villares e Pilar Faxil, *A cidade da selva* recolle os testemuños daqueles que habitaron o refuxio do Barco de Valdeorras para guerrilleiros antifranquistas. De heroes anónimos a outros ben coñecidos. o retratado e o

retratista no momento dunha morte, Robert Capa e o Miliciano caendo. A historia dos dous, en *Os heroes nunca morren*. Poderemos tamén coñecer un dos maiores dramas da actualidade que aínda amosa a pegada do fascismo: a cantidade de represaliados que continúan en fosas comúns e nin agora teñen unha sepultura digna, en *A mala morte*. O esquecemento ou a terxiversación da historia segue a ser unha lacra, como veremos tamén en A memoria é vaga.

Documentos na Sargadelos

E na Galería Sargadelos poderemos coñecer novas achegas a esta realidade silenciada o martes, mércores e xoves: o primeiro dos días, quen non mirase *Morte en El Valle*. A directora do filme, Christina M. Hardt, estará presente para contar a súa experiencia como investigadora espontánea dalgo que a inquedaba: a morte do seu avó Francisco a mans da Garda Civil en 1936. Enfrontándose ao silencio e a vergoña que todavía pesa sobre a familia, decidiu romper co esquecemento e vir reconstruír a historia.

O mércores presentarase o libro de Benjamín Prado *Mala gente que camina*, no que se fala doutra das barbaries máis escondidas do franquismo: o roubo dos nenos ás nais republicanas, o secuestro lexitimado por parte do Estado. É un crime que coñecemos dende outras latitudes, como a Arxentina de Videla, pero nunca estivo tan claro o próximo que era a nós: é unha temática que foi abordada tamén polo filme *Os nenos perdidos do franquismo*, que puidemos ver en xaneiro, e sobre a que todavía queda moito por destapar.

E por último, o xoves contaremos coa presenza do profesor Lourenzo Fernández Prieto, director do programa interuniversitario *As vítimas: nomes, voces e lugares*. O obxectivo é crear unha base de datos ampla e detallada do período 1936-1939 nesta primeira fase. Para iso levaríase adiante, por unha banda, un programa de entrevistas de carácter oral, até un total de 300, realizadas aos superviventes e a familiares. Xunto coas 400 que xa hai feitas, crearíase o fondo máis amplo do mundo sobre a Guerra Civil.
Outra parte do proxecto sería o traballo a través de arquivos militares (no de Ferrol hai xa máis de 25.000 causas), concellos, rexistros civís... "Moita xente opina que non se deben "abrir feridas", conta Fernández Prieto, "pero máis que abrilas trátase de pechalas: non podemos negar o pasado, e para poder pechar o tema teriamos que abrilo primeiro. So poderemos enterrar o pasado cando teñamos falado del. Porque estudamos a colonización americana ou a chegada do ferrocarril e non sabemos o que aconteceu na guerra? A democracia ten a obriga de recuperar esa parte do pasado "incómodo".

Ultranoite para non esquecer

Ademais, o programa péchase cunha ultranoite na NASA, tanto o venres como o sábado: Goldi e Xúlio Abonjo volven interpretar os seus personaxes estelares, Paco e Fito, nun novo episodio da comedia musical *Hendaya, mon amour*. Tamén se agarda a colaboraicón de Chévere, Berrobambán, o pianista Suso Alonso e Vítor Mosqueira.